

VºBº:



TEXTO:

En cumprimento do disposto pola Asemblea Xeral e seguindo as súas instrucións, remítese a presente circular referente ao acordo final da comisión deportiva formada ao efecto de estudo do ranking galego de judo, sistema clasificatorio e selección de deportistas, etc... e que estivo integrada polos/as seguintes adestradores/as:

Da. MÓNICA PACHECO LOMBA.
D. JOSE R. LÓPEZ GACIO.
D. DAVID PÉREZ ANIDO.
D. RUBÉN SUEIRO AMOR.
D. DAVID FERNÁNDEZ NEIRA.
D. MIGUEL BLANCO CASTRO.
D. MANUEL SANMARTÍN CARRERA.

A comisión aproba por unanimidade o seguinte sistema que entra en vigor coa publicación desta circular ata súa ratificación definitiva na seguinte asemblea:

SISTEMA DE RANKING GALEGO INFANTIL E CADETE E CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN (Aplicable ata o CES 2027)

1. Reinicio da puntuación.

O ranking reiniciarase completamente ao comezo de cada tempada (despois do CES 2026) Non se arrastrarán puntos dunha tempada a outra, salvo excepcións.

2. Excepción de arrastre de puntos.

Manterase o 50% da puntuación obtida no Campionato de España ou campionatos oficiais superiores (Campionato do Mundo, Campionato de Europa, EYOF/FOJES ou European Cup) para aqueles deportistas que obtiveran resultado (1º a 7º) e manteñan categoría e peso.

3. Elaboración do ranking.

Para a elaboración do ranking teranse en conta as seguintes puntuacións:

- O **50% da puntuación do Campionato de España ou campionatos oficiais superiores do ano anterior**, sempre que se manteña categoría e peso.
- As **dúas mellores puntuacións** obtidas en Copas de España celebradas fóra da comunidade autónoma.
- A puntuación da **Copa de España celebrada en Galicia**.
- A puntuación do **Campionato Galego**.
- No caso de incorporarse unha proba intermedia (**Copa Galicia**), esta tamén será tida en conta.

COMPETICIÓN	1º	2º	3º	5º	7º
WORLD CADET CHAMPIONSHIP	1500	1000	800	600	400
EUROPEAN CADET CHAMPIONSHIP	1000	800	600	400	300
EUROPEAN YOUTH OLYMPIC FESTIVAL (EYOF / FOJES)	800	600	400	300	200
EUROPEAN CUP (OFICIAIS)	200	150	100	80	40
CAMPIONATO DE ESPAÑA	110	90	70	50	30
CAMPIONATO DE GALICIA	60	50	40	30	20
COPA DE ESPAÑA GALICIA	50	40	30	20	10
SÚPERCOPAS NACIONAIS	35	30	25	15	6

Se puntuará sempre que se reúnan os mínimos establecidos (gañar ao menos 1 combate ou ser só un participante no peso).

4. Asignación de prazas.

Obterán **praza directa** os/as deportistas que finalicen como número 1 do ranking galego en cada categoría de peso.

Caso especial

Se o/a deportista clasificado/a como número 1 xa estivese clasificado/a por outras vías:

- A praza asignarase ao seguinte deportista do ranking galego.
- Esta asignación estará condicionada ao cumprimento dos requisitos establecidos (peso, participación, etc.).

5. Validez da puntuación no ranking galego.

Para que a puntuación obtida no ranking galego nunha determinada categoría e peso teña validez, será condición obrigatoria que no caso de participar no Campionato Galego, o faga nesa mesma categoría e peso, se participa noutro peso ou categoría perderá os puntos obtidos con anterioridade.

6. Normativa do Ranking Infantil - Cadete.

6.1. Prazas de “cupo” autonómico

As prazas de “cupo” asignaranse ao primeiro clasificado do ranking correspondente.

En caso de empate

Aplicarase a seguinte orde de prioridade:

1. Campión/a galego/a.
2. Mellor resultado en Supercopa:
 - Ouro por diante da prata.
 - Prata por diante do bronce.
3. Resultado do último enfrontamento directo entre os/as deportistas implicados/as.

6.2. Prazas de extracupo

As prazas de extra-cupo asignaranse segundo os seguintes criterios, por orde de prioridade:

1. Medallistas nacionais do ano anterior que manteñan peso e categoría.
2. Campións/as galegos/as da tempada en curso.
3. Posición no ranking transversal.
4. Asistencia a concentracións oficiais.
5. Criterio técnico.

7. Disposición final

O presente documento establece os criterios oficiais de clasificación do sistema de ranking galego infantil e cadete e será de aplicación ata a celebración do **CES 2027**.

RECOMENDASE LER BEN TODOS OS PUNTOS DESTA CIRCULAR E CONSULTAR CALQUERA DÚBIDA COA FEDERACIÓN

Calquera aspecto ou dúbida desta circular resolverase a criterio da Dirección Deportiva.

A DIRECTORA DEPORTIVA

Asdo. Mónica Pacheco Lomba.